

Miguel Fernández López encabezaré a lista de Triacastela, co fin de “acabar co desgobierno do Partido Popular”

Liderará un equipo “que integre un frente común” porque “hai outra forma de facer as cousas”; todo o contrario, di, do que está a facer o actual Goberno, e cuxo proceder está baseado “nunha xestión de costas áos veciños, de costas ás persoas”, subraia

Confía en que os cidadáns “saberán ver que o noso proxecto ten ideas realizables e achegadas á poboación, non a vista de páxaro, senón cos pés na terra, e axustadas ás súas necesidades”. “Tivemos unha xestora alcaldesa e queremos un alcalde que xestione”, destaca

Mantén dende hai moitos anos un forte vínculo con Triacastela, municipio no que, antes meterse en política, exerceu como veterinario. Conta cunha ampla experiencia na xestión municipal, pois durante doce anos foi alcalde deste concello. Dende 2011, é voceiro do grupo socialista; posición que defende, indica, “con orgullo”, xa que o seu obxectivo é “defender os intereses dos cidadáns por riba dos intereses do Partido”

TRIACASTELA, 3 DE ABRIL DE 2015.- Miguel Fernández López encabezaré a lista que presentará o Partido Socialista de Triacastela de cara aos vindeiros comicios de maio. Deste xeito, o candidato, que xa foi alcalde do municipio durante tres mandatos, subliña que se presenta á alcaldía porque “creo que é hora de recuperar o Goberno local para acabar co desgobierno do Partido Popular”.

“Son unha persoa de Partido e estou para votar unha man sempre que faga falta. E creo que este é o momento de volver a liderar o proxecto do PSOE. Preséntome con responsabilidade, a mesma coa que cando tiven a honra de ser estar á fronte do consistorio durante doce anos. Por iso me poño, unha vez máis, á disposición da cidadanía”, afirma.

“Alcalde que xestione”

“Hai unha serie de necesidades que se están vendo no municipio”, explica o alcaldable, quen asegura que “hai outra forma de facer as cousas”. Todo o contrario, di, do que están a facer os actuais mandatarios, e cuxo proceder está baseado “nunha xestión de costas aos veciños, de costas á xente”. Por iso, confía en que os cidadáns “saberán ver que o noso proxecto ten ideas realizables e achegadas á poboación, non a vista de páxaro, senón cos pés na terra, e axustadas ás súas necesidades”. “Tivemos unha xestora alcaldesa e queremos un alcalde que xestione”, afirma.

Neste senso, considera que “o máis urxente” é buscar o desenvolvemento da localidade, impulsando iniciativas estratéxicas que incrementen as oportunidades laborais e económicas, así como a mellora da calidade de vida e o benestar dos veciños. A este respecto, asegura que se debe apostar “polo emprendedor e axudar ás empresas; un cometido que ten que partir do concello e que lamentablemente non se está facendo”. Por iso, indica, “presentarei unha lista que integre un frente común e que sume votos para acabar co desprestixio que o Partido Popular trouxo para Triacastela”.

Datos do candidato

Miguel Fernández mantén dende hai moitos anos un forte vínculo con Triacastela; municipio no que, antes de meterse en política, exerceu como veterinario. Son, precisamente, esta circunstancia e a súa profesión, as que lle permiten ter un extenso coñecemento do medio rural. Asemade, conta cunha ampla experiencia na xestión municipal, pois dende 1999 ata 2011 foi o alcalde da localidade. Dende hai catro anos, é voceiro do grupo municipal socialista; posición que defende, di, “con orgullo”, pois o seu obxectivo é “defender os intereses dos cidadáns por riba dos intereses do Partido”.